



## **BASES I PREMIO Á MELLOR INICIATIVA EMPRENDEDORA DO CONCELLO DE OURENSE**

O Concello de Ourense, a través da Concellaría de Economía, Facenda, Emprego e Promoción económica, convoca o **I Premio á mellor iniciativa emprendedora do Concello de Ourense**.

### **BASE 1ª.- OBXECTIVO**

O obxectivo deste Premio é recoñecer a iniciativa, orixinalidade e innovación dun proxecto empresarial, así como fomentar a creación de empresas sobre a base das oportunidades emerxentes no municipio de Ourense. En consecuencia, este Premio ten por finalidade propiciar o xurdimento de proxectos empresariais innovadores na nosa cidade e contribuír ao desenvolvemento do espírito emprendedor.

### **BASE 2ª.- DESTINATARIOS**

Poderán concorrer ao premio todas aqueles emprendedores que presenten un proxecto empresarial que se materialice antes do 31 de decembro de 2010, e cuxa actividade principal sexa desenvolvida no municipio de Ourense.

Non poderán obter a condición de beneficiario as persoas en quen concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **BASE 3ª.- DOCUMENTACIÓN**

1. Solicitude de participación, segundo modelo oficial.
2. Fotocopia do DNI/NIE do solicitante e dos socios, se os houber.
3. Definición da idea empresarial/ Plan de empresa.

### **BASE 4ª.- LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

A documentación deberá ser presentada no Rexistro Xeral do Concello de Ourense, situado na Praza Maior, s/n, ou utilizando calquera dos medios establecidos no art. 38.4 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.



#### **BASE 5ª.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

O prazo de presentación de solicitudes será de dous meses naturais, que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ao interesado para que o emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude conforme ao establecido no art. 71 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, tras a resolución ditada nos termos establecidos no art. 42 da citada lei.

#### **BASE 6ª.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES**

Os proxectos presentados valoraranse seguindo un criterio de baremación cuantificado ata 80 puntos, que se distribuirán entre os seguintes conceptos:

1. Carácter innovador: ata 20 puntos.
2. Viabilidade técnica e económica: ata 20 puntos.
3. Creación de emprego: 5 puntos por posto de traballo creado: asta un máximo de 20 puntos.
4. Utilización de recursos endóxeos do municipio de Ourense: ata 20 puntos.

#### **BASE 7ª.- PREMIO**

Concederase un premio cunha dotación económica de 6.000 € e diploma.

A xuízo do xurado, no caso de que varios proxectos sexan merecedores do premio, este poderá ser repartido entre eles.

O premio poderá quedar deserto por decisión do xurado.

En cumprimento da obrigaición de materializar o proxecto antes do 31 de decembro de 2010, o importe do premio non se fará efectivo ata a entrega, por parte do promotor, dos seguintes documentos acreditativos da alta da empresa:

1. Alta na Seguridade Social
2. Alta en Facenda
3. Tratándose de persoas xurídicas presentarase o CIF da empresa, así como a escritura de constitución



#### BASE 8ª.- PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN

O Premio será outorgado por un xurado composto por:

- Un representante da Confederación Empresarial de Ourense
- Un representante da Universidade de Vigo
- Un membro do Consello Consultivo de Empresarios e Profesionais Ourenzáns no Exterior
- O director xeral de Emprego e Promoción Económica do Concello de Ourense, que actuará como secretario do xurado
- O concelleiro de Economía, Facenda, Emprego e Promoción Económica do Concello de Ourense, que actuará como presidente do xurado

A decisión do xurado tomarase por unanimidade e será comunicada aos premiados

Os emprendedores que concorran ao concurso terán obrigatoriamente que expor e defender o seu proxecto ante o xurado nun acto público que se celebrará no marco do *III Encontro de Emprendedores “Eduardo Barreiros”*. A data indicativa do citado acto de exposición e defensa dos proxectos é a do 24 de xuño de 2010. O día, a hora e o lugar exactos deste acto notificaranse aos concursantes por correo certificado.

A decisión do xurado será inapelable.

#### BASE 9ª.- MEDIOS DE NOTIFICACIÓN

A decisión do xurado exporase no taboleiro de anuncios do Concello de Ourense.

#### BASE 10ª.- ACTO DE ENTREGA

A entrega de premios realizarase dentro do *III Encontro de Emprendedores “Eduardo Barreiros”*.

#### BASE 11ª.- NORMATIVA APLICABLE

En todos aqueles aspectos non establecidos na presente convocatoria aplicarase supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a lexislación en materia de réxime local que resulte de aplicación, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola lei 4/1999, do 13 de xaneiro, así como cantas outras normas de carácter xeral ou procedemental que resulten de aplicación.

A participación nestes premios supón a aceptación destas bases.



**CONCELLO DE OURENSE  
CONCELLERÍA DE ECONOMÍA, FACENDA, EMPREGO  
E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

**BASE 12ª.- CONFIDENCIALIDADE**

Ao longo de todo o proceso de valoración e selección, garántese a confidencialidade respecto das ideas presentadas. A documentación achegada considérase propiedade exclusiva dos autores. Para todos os efectos, a solicitude de participación terá a consideración de compromiso de confidencialidade entre os candidatos e a entidade convocante do premio, así como suporá a aceptación das presentes bases. En calquera caso, poderase difundir a denominación dos proxectos, así como os nomes dos gañadores e o ámbito sectorial dos seus proxectos.

En Ourense, a 31 de marzo de 2010

O Concelleiro de Economía, Facenda, Emprego e Promoción Económica

Asdo.: Agustín Fernández Gallego